



## INTRODUCCIÓN

Este documento preséntase para facilitar ao usuario o procedemento para extraer datos das estacións meteorolóxicas pertencentes a Meteogalicia.

## ACCESO AOS DATOS

Para obter información das estacións meteorolóxicas desde a páxina web principal de Meteogalicia, [www.meteogalicia.gal](http://www.meteogalicia.gal) hai que seguir os seguintes pasos:

Na páxina principal, na columna da dereita, hai unha caixa co título **INFORMES METEOROLÓXICOS** como a que se mostra a continuación:



Pinchando na opción "**Acceso a datos**", accédese ao contido da ligazón [http://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/redeIndex.action?request\\_locale=gl](http://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/redeIndex.action?request_locale=gl)

que mostra unha páxina como a seguinte:

Red de estaciones meteorológicas

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Ayuntamiento	Estación	ID	
A CAPELA	A Capela	19061	
A CORUÑA	Coruña-Torre de Hércules	10157	
A CORUÑA	Coruña-Dique	14000	
A CORUÑA	Coruña-Bens	14010	
ABEGONDO	Mabegondo	10045	
ARTEIXO	Punta Langosteira	14003	
ARTEIXO	Arteixo	10507	
ARZÚA	Arzúa	10144	
BERGONDO	Guísamo	19005	
BOIMORTO	Boimorto	19062	
BOIRO	Cespón	19012	
BOQUEIXÓN	Sergude	10095	
CAMARIÑAS	Camariñas	10800	
CARBALLO	Rus	19001	
CARIÑO	Cariño	10143	
CARNOTA	Lira	10135	
CEDEIRA	Punta Candieira	10092	
CORISTANCO	Río do Sol	10096	
FERROL	CIS Ferrol	10050	
LOUSAME	Muralha	10052	
LOUSAME	Lesende	19010	
MALPICA DE BERGANTIÑOS	Malpica	10093	

Legenda	Descripción
	Subred meteorológica
	Subred de colaboradores

Enlaces de interés	
	Mapa con el estado actual del cielo
	Meteo Visor
	Glosario de meteorología
	Parámetros en la red

Nesta páxina, na zona esquerda, selecciónase primeiro a pestana da provincia do lugar do que se quere obter a información (por defecto, móstrase a provincia de A Coruña). Baixo o nome de cada provincia, aparecen os concellos nos que se teñen estacións meteorolóxicas, así como o nome e o identificador de cada estación. Para seleccionar unha estación concreta, habería que pinchar no seu nome (que aparece en azul no listado).

Pódese observar que hai dos tipos de azul nas estacións, o máis escuro correspóndese á rede de estacións automáticas de Meteogalicia, mentres que en azul claro, móstranse as estacións dos colaboradores, que debemos



diferenciar porque o tipo de estación non posúe as mesmas características en instrumentación que as estacións meteorolóxicas da nosa rede, se ben pasan o mesmo control de calidade nos datos rexistrados.

Por exemplo, no caso imaxinario de que se necesiten os datos da estación situada en A Coruña, pínchase en Coruña-Bens e se accede á seguinte pantalla:

**Buscar estacións:**

**Estación Coruña-Bens. A Coruña (CO)**

Selección provincia:  
 A Coruña  Lugo  
 Ourense  Pontevedra

Selección concello de A Coruña:  
Abegondo

Estacións na contorna de Abegondo:

- Mabegondo. A.94m. Abegondo (CO)
- Guisamo. A.176m. Bergondo (CO)
- Olas. A.401m. Mesía (CO)
- Coruña-Dique. A.5m. A Coruña (CO)
- Coruña-San Diego. A.5m. A Coruña (CO)
- Coruña. A.50m. A Coruña (CO)
- Arteixo. A.65m. Arteixo (CO)
- Coruña-Bens. A.131m. A Coruña (CO)
- Coruña-Torre de Hércules. A.21m. A Coruña (CO)
- Ordos. A.266m. Ordes (CO)

**Lenda**  
 Estación activa  Estación de baixa

**Máis información da rede:**

- » MeteoVisor
- » Lista de estacións
- » Mapa do estado actual
- » Rede de cámaras Web
- » Resumo valores extremos
- » Resumo mensual de datos
- » Informes climatolóxicos
- » Servizos Web

Variables dez-minutais | Variables diarias | Variables mensuais

Data inicial: 22/10/2019 | Data fin: 22/10/2019

Variable	Data alta	Data baixa
<b>Temperatura</b>		
<input type="checkbox"/> Temperatura media a 1.5m	01-01-2014	
<input type="checkbox"/> Temperatura de orballo a 1.5m	01-01-2014	
<b>Humidade Relativa</b>		
<input type="checkbox"/> Humidade relativa media a 1.5m	01-01-2014	
<b>Precipitación</b>		
<input type="checkbox"/> Chuvia	01-01-2014	
<b>Vento</b>		
<input type="checkbox"/> Refacho a 10m	01-01-2014	
<input type="checkbox"/> Velocidade do vento a 10m	01-01-2014	
<input type="checkbox"/> Dirección do vento a 10m	01-01-2014	
<input type="checkbox"/> Dirección do refacho a 10m	01-01-2014	
<b>Radiación Solar</b>		
<input type="checkbox"/> Radiación solar global	08-12-2014	
<b>Presión</b>		
<input type="checkbox"/> Presión	01-01-2014	
<input type="checkbox"/> Presión reducida	01-01-2014	
<input type="checkbox"/> TODAS AS VARIABLES		

**Límites nas consultas de variables dez-minutais:**

- Con 1 variable seleccionada: 12 meses de datos.
- Con máis de 1 e ata 3 variables seleccionadas: 4 meses de datos.
- Con máis de 3 variables seleccionadas: 1 mes de datos.

**CONSULTAR**

Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

Para facer unha consulta débense seguir os seguintes pasos:

- Selecciónase na parte superior dereita a data de consulta inicial e final.



- Debaixo das datas, escollerase o tipo de Consulta: dez-minutal (por defecto), diaria ou mensual.
- A continuación, escóllense as variables que queiran consultar pinchando encima de cada unha delas.
- Por último, púlsase sobre o botón **“CONSULTAR”**. **Teña en conta os límites de consulta para cada tipo de consulta.** Os límites descríbense xusto debaixo do botón de consulta.

### Notas importantes:

1. No caso das variables relacionadas co vento, é importante ter en conta a altura debido a que a Organización Mundial de Meteoroloxía (OMM) aconsella ter os sensores de vento polo menos a 10 m, xa que a alturas inferiores a rugosidade do terreo e calquera obstáculo producen un apantallamento moi forte da intensidade do vento.
2. Os datos están en horario UTC, isto quere dicir que desde o último domingo de outubro ao último domingo de marzo hai que sumar unha 1 á hora UTC para obter a hora local, mentres que no resto do ano hai que sumar 2 horas.

Se por exemplo, se consultan os datos diarios de chuvia e a velocidade do vento a 10 metros na estación Mabegondo en Abegondo desde o 1 ó 5 de outubro de 2018 chégase á ventá:



## Histórico da estación Mabegondo. Abegondo. A Coruña

REALIZAR NOVA CONSULTA

\* Datos en horario UTC

Variables diarias. Periodo de consulta: 01-10-2018 a 05-10-2018

Códigos de validación

Resultados en formato CSV

Resultados en formato CSV en columnas

Resultados en formato JSON

Resultados en formato PDF

Código validación	Data*	Código parámetro	Parámetro	Valor	Unidades
1	01-10-2018	PP_SUM_1,5m	Chuvia	0.0	L/m2
1	01-10-2018	VV_AVG_10m	Velocidade do vento a 10m	9.9	km/h
1	02-10-2018	PP_SUM_1,5m	Chuvia	0.0	L/m2
1	02-10-2018	VV_AVG_10m	Velocidade do vento a 10m	5.5	km/h
1	03-10-2018	PP_SUM_1,5m	Chuvia	0.0	L/m2
1	03-10-2018	VV_AVG_10m	Velocidade do vento a 10m	3.6	km/h
1	04-10-2018	PP_SUM_1,5m	Chuvia	0.0	L/m2
1	04-10-2018	VV_AVG_10m	Velocidade do vento a 10m	3.5	km/h
1	05-10-2018	PP_SUM_1,5m	Chuvia	0.0	L/m2
1	05-10-2018	VV_AVG_10m	Velocidade do vento a 10m	4.2	km/h

**Nota:** O valor -9999.0 indica dato non rexistrado.



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL "Unha maneira de facer Europa"



**Cláusula de responsabilidade no uso dos datos:** Os datos aquí amosados son sometidos a distintas rutinas de validación sucesivas ao longo do tempo, polo que pódense dar modificacións destes datos. Meteogalicia non asume responsabilidade algunha sobre as diversas utilizacións ou interpretacións que o usuario poida facer dos datos suministrados.

### Dúas aclaracións importantes:

- ✓ A información con respecto ó vento está en km/h.
- ✓ As unidades da precipitación son mm ou l/m<sup>2</sup>, ambas unidades equivalentes.

A información que aparece nesta pantalla pódese descargar de distintas formas pinchando nas opcións:

Variables diarias. Periodo de consulta: 01-10-2018 a 05-10-2018

Códigos de validación

Resultados en formato CSV

Resultados en formato CSV en columnas

Resultados en formato JSON

Resultados en formato PDF

- Resultados en formato CSV.
- Resultados en formato CSV en columnas. Presenta a mesma información pero distribuída en columnas onde cada fila é o instante

de tempo. Neste formato só se visualiza o dato e o instante de tempo para cada variable. Non se inclúen: código de validación, código de parámetro nin as unidades da medida.

- Resultados en formato JSON. Neste formato pódense visualizar os datos no seu navegador web (Firefox, Internet Explorer, etc).
- Resultados en formato PDF.

Destácase a **opción Resultados en formato PDF**, cando se elixe esta opción, a consulta dos datos requiridos aparece nunha táboa. As páxinas do documento teñen os logos da Xunta de Galicia e de Meteogalicia. Esta ferramenta é moi útil cando o que se precisa é un informe de datos sen taxas. Un exemplo ao escoller esta opción pódese ver na seguinte figura:

Estación de Sálvora-Pazo. Concello de Ribeira. A Coruña  
Periodo de consulta de 13/02/2022 a 13/02/2022

Código validación	Data	Código parámetro	Parámetro	Valor	Unidades
1	2022-02-13 00:00:00.0	PP_SUM_1_5m	Chuvia	24.7	L/m2
1	2022-02-13 00:00:00.0	VV_MAX_10m	Refacho máximo a 10m	84.6	km/h

NOTAS:  
- O valor -9999.0 indica dato non rexistrado.  
- Datos en horario UTC.

CÓDIGOS DE VALIDACIÓN:

Código	Validación
0	Dato sen validar
1	Dato válido orixinal
2	Dato sospeitoso
3	Dato erróneo
5	Dato válido interpolado
9	Dato non rexistrado

**MeteoGalicia**  
**Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático**  
**Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático**  
**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**